

OBRADOIROS

»Fotografía a cegas

Obradoiro no que participan 7 persoas invidentes, a terapeuta Mercedes Cabada, os fotógrafos **Iago Eireos, Germán Limeres, Xosé Reigosa e Antonio López Losada**.

Desenvólvese nos 4 museos da Rede Museística desde o 10 de abril ata o 18 de maio. Coas distintas fases e obradoiros do proxecto elaborará un documental **Henrique Lamas**. Coordina Encarna Lago, xerente da Rede.

Este obradoiro rematará os días 7, 8 e 9 de xuño (coincidindo coa celebración nos museos da Rede Museística das 17ª Xornadas DEAC) cunha exposición dos traballos resultantes no Museo Provincial de Lugo, Museo Provincial do Mar (San Cibrao, Cervo), Museo Etnográfico San Paio de Narla (Friol) e Museo Pazo de Tor (Monforte de Lemos).

»Obradoiro de cómic

Imparte: **Kiko da Silva**, debuxante, ilustrador e creador da Escola Profesional de BD e ilustración de Galicia "O Garaxe Hermético".

Data: luns, 14 de maio de 2012

Hora: de 18:00 a 20:00 horas

Prazas: 20

Lugar: Sala Multiusos do MPLugo

EXPOSICIÓNS

»Blas Lourés (do 22 de marzo ao 17 de xuño de 2012)

Sala de Exposicións do Museo Provincial de Lugo

Visitas guiadas gratuítas, todos os sábados, ás 12:00 h., desde o 31 de marzo ata o 16 de xuño de 2012, para un mínimo de 10 persoas. Os interesados deben presentarse na recepción do MPLugo á hora indicada, onde serán atendidos segundo disponibilidad por guías do departamento de Didáctica

»Converxencias 2012

Exposición Escola de Arte e Deseño Ramón Falcón, Lugo (do 26 de abril ao 31 de maio de 2012)

Refectorio do Museo Provincial de Lugo

Máis información: <http://www.museolugo.org>



SEMANA DOS MUSEOS

Rede Museística da
Deputación de Lugo



*Museos nun mundo cambiante.
Novos retos, novas inspiracións*

Os museos integrados na Rede Museística da Deputación de Lugo chamamos a atención dos nosos visitantes arredor da data na que conmemoramos, atendendo as recomendacións do ICOM, o **Día Internacional dos Museos**. Cada ano desde 1977, o ICOM propón a celebración no mundo enteiro do **Día Internacional dos Museos** na data do 18 de maio. De América a Oceanía pasando por Europa, Asia e África, o **Día Internacional dos Museos** é a ocasión para concienciar ao público en xeral sobre o papel dos museos no desenvolvemento da sociedade.

O tema para o ano 2012 é *Museos nun mundo cambiante. Novos retos, novas inspiracións* pois hoxe en día o mundo cambia máis rápido que nunca. As novas tecnoloxías entregan novas ideas, *gigaoctetos* de información, novas sobre os máis variados temas que retransmiten os medios de comunicación social, cousa inimaxinable hai tan só uns anos.

Neste contexto, os museos temos que loitar para facer oír as nosas voces nun mundo cada vez máis ruidoso, menos permeable para a información cultural. Nese empeño os mellores e máis eficaces portavoces do que acontece en cada museo son os nosos visitantes.

Tamén celebramos a edición número 50 do **Día das Letras Galegas**, este ano para homenaxear ao polifacético **Valentín Paz Andrade** (1898-1987). Xurista, político, empresario, ensaista, poeta, impulsor de empresas como *Pescanova*, promotor de xornais como *Galicia* ou *El Pueblo Gallego*.

Para rematar, o sábado 19 de maio de 2012 coa 8ª edición da **Noite Europea dos Museos**. Foi creada en 2005 polo Ministerio de Cultura e da Comunicación de Francia. Durante unha apertura nocturna, os visitantes poden descubrir as coleccións dos museos e todos os eventos especiais organizados. Ten como obxectivo facer que os museos sexan máis accesibles ao público en xeral e en particular a un novo público, máis novo. Quere xerar tamén unha rede de museos europeos nun evento común festivo e amigable. En 2011, máis de 4.000 museos europeos en 40 países diferentes participaron na Noite dos Museos. O Consello de Europa e a UNESCO apadriñan o festival e a Federación Francesa de Amigos dos Museos e a Reunión dos Museos Nacionais franceses (RMN) son socios institucionais do evento.

Museo Provincial de Lugo

»Martes, 15 de maio de 2012

20:00 h. Táboa redonda: *Blas Lourés na arte galega contemporánea*

Interveñen: **Juan Puchades Quilis, Miguel Anxo Macía, Jesús López e Jorge Espiral**

Modera: **Aurelia Balseiro**, comisaria da exposición

Lugar: Sala de Exposicións do MPLugo

»Mércores, 16 de maio de 2012

20:00 h. *Recital poético Letras Galegas*

Interveñen: **Xosé Blázquez, Joaquín Carballido Parra, Marina Cillero, Jesús Corredoira López, José Estévez López, Adela Figueroa, Antón Fortes, Ana Mª Fraga, Juan José Lomarti, Luís L. Alonso, Manuel C. Matalobos, Enrique Mora Morandeira, Manuel Xosé Neira, Isidro Novo, Toño Núñez, Xosé Otero Canto, Pepa Prado, Xerardo Quintiá, Ramón Rodríguez Porto, Iago Rodríguez Yáñez, Jacobo Sánchez, Elvira Veloso**

Lugar: Refectorio do MPLugo

»Xoves, 17 de maio de 2012 (Día das Letras Galegas)

13:00 h. Concerto do **Conxunto Vocal Lugh**

Durante esta xornada, con motivo de celebramos o **Día das Letras Galegas**, agasallaremos aos visitantes con libros sobre contidos do museo o de exposicións temporais, editados polo Servizo de Publicacións da Deputación e do MPLugo

»Venres, 18 de maio de 2012 (Día Internacional dos Museos)

O Museo Provincial de Lugo permanecerá aberto ao público ininterrompidamente desde as 9:00 ata as 21:00 h. Agasallos para todos os visitantes: libros, marcapáxinas, DVD, postais...
Entrada gratuita

»Sábado, 19 de maio de 2012 (Noite Europea dos Museos)

21:00 h. *A historia do jazz nun concerto*, por **Marosa Jazz Project**

»Mércores, 23 de maio de 2012

20:00 h. Concerto de **Ensemble de corda**

Lugar: Sala de Exposicións do MPLugo

»Xoves, 24 de maio de 2012

20:00 h. Táboa redonda: *Teoría e praxes das Ensinanzas Artísticas de Deseño* (exalumnos da escola compartirán as súas experiencias profesionais no eido do deseño). Interveñen: **Sandra Cancela, Xosé Manuel García Augusto, Isabel Somoza, Marta Cancio e Óscar Cela.** Modera: **Alejandro Carro**, vicedirector da Escola de Arte e Deseño "Ramón Falcón" de Lugo

Lugar: Sala Multiusos do MPLugo

»Martes, 29 de maio de 2012

19:30 h. Conferencia: *Exposicións Online, itinerarios narrativos*, a cargo de **José Nicolás del Río Castro**, investigador do departamento de Hª da Arte da USC

Lugar: Sala Multiusos do MPLugo

»Xoves, 31 de maio de 2012

19:30 h. Visita técnica á exposición "Blas Lourés" cargo da comisaria da mostra, **Aurelia Balseiro**

Museo Etnográfico San Paio de Narla

»Mércores, 16 de maio de 2012

18:00 h. *A historia do jazz nun concerto*, por **Marosa Jazz Project**

»Sábado, 19 de maio de 2012 (Noite Europea dos Museos)

21:00 h. Danza teatro: *Noites con historia na Rede Museística*

Representación de "A Fortaleza en movemento", por **Asociación 3Monos**

Teatro

Calendario de representacións da obra "Non o creo", a cargo do grupo de teatro escolar "Algo máis que pan e queixo" do CPI Doutor López Suárez, Friol

› Mércores, 23 de maio, ás 12:15 h., para o alumnado do EP de Friol

› Xoves, 24 de maio, ás 12:00 h., para o alumnado de Eso e CPI de Guntín

› Venres, 25 de maio, ás 12:00 h., para o alumnado de 1º e 2º de ESO de Friol

› Venres, 25 de maio, ás 13:00 h., para o alumnado de 3º e 4º de ESO de Friol

Museo Provincial do Mar

»Venres, 18 de maio de 2012 (Día Internacional dos Museos)

20:30 h. *A historia do jazz nun concerto*, por **Marosa Jazz Project**

»Sábado, 19 de maio de 2012 (Noite Europea dos Museos)

20:30 h. *Noites con historia na Rede Museística: "Un mar de festas"*, por **Ángeles Miguélez**

A continuación festa mariñeira

Museo Pazo de Tor

»Xoves, 17 de maio de 2012 (Día das Letras Galegas)

18:00 h. *A historia do jazz nun concerto*, por **Marosa Jazz Project**

»Venres, 18 de maio de 2012 (Día Internacional dos Museos)

Obradoiro: **Fotografía a cegas**

Nesta xornada os 7 invidentes que participan neste obradoiro realizarán desde o seu particular enfoque, e como exercicio práctico, unha reportaxe en profundidade sobre os actos institucionais programados con motivo da apertura dos novos espazos expositivos e de servizos do Museo Pazo de Tor

18:00 h. Presentación da ampliación de novos espazos expositivos e de salas de servizos (aula didáctica, biblioteca) no Museo Pazo de Tor

»Sábado, 26 de maio de 2012

19:00 h. Representación do nº 1 da revista oral "A voz dos lemmos", coas intervencións, entre outros, de **Antón Valcárcel** (música), **Iván Álvarez** (arqueoloxía), **Olga Novo** (poesía), **Mª del Rosario Fernández** (novas salas do Museo Pazo de Tor) e o grupo do Obradoiro de Teatro do **CEIP A Gándara**, dirixido por **Eva F. Ferreira**